

40 ANIVERSARIO DA CONSTITUCIÓN

Unidade didáctica



Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

**Secretaría xeral de Política Lingüística
Consellería de Cultura e Turismo
Xunta de Galicia**

**ISBN: 978-84-17702-39-7
DL: C 2162-2018**

Impreso en Galicia

GUÍA PARA O PROFESORADO

A CONSTITUCIÓN É A NORMA BÁSICA DO ESTADO, O DOCUMENTO QUE MARCA AS PAUTAS POLAS QUE NOS GUIAMOS COMO SOCIEDADE.



Coñecer a súa importancia é esencial para iniciar unha formación integral da cidadanía desde a primeira infancia, de aí esta proposta destinada a escolares da última etapa de infantil e da primeira de primaria (4 a 8 anos). Polas características desta franxa de idade, esta unidade didáctica preséntase como un primeiro achegamento á Carta Magna, ao que representa na nosa sociedade e, sobre todo, á importancia que ten na vida

das persoas, tamén das nenas e nenos, en relación á defensa dos valores democráticos esenciais para garantir unha boa convivencia.

En liña con esta idea, a unidade redundará no itinerario formativo dos escolares galegos cun enfoque transversal e potenciando a formación de valores transmitidos na contorna familiar e escolar como son o diálogo, a convivencia e o respecto. Paralelamente traballaranse competencias clave tanto individuais –relacionadas cos dereitos e deberes que ten a cidadanía–, como sociais e cívicas, de forma que as nenas e nenos comprendan a importancia da Constitución no desenvolvemento social.

En definitiva, trátase de conectar a escola coa realidade política e social a través do coñecemento da historia, as institucións e o funcionamento socio-político do noso territorio, co fin de fomentar unha cidadanía responsable con participación activa na vida económica, social e cultural e con actitude crítica.

OBXECTIVOS

O principal obxectivo desta unidade didáctica é que o alumnado galego teña un primeiro achegamento ao concepto 'constitución' e, en particular, á Constitución española. Intentaremos que entenda que é e para que serve, os contidos básicos, os valores que establece como modelo de sociedade (liberdade, pluralismo, participación, responsabilidade, igualdade, tolerancia e solidariedade), así como os dereitos e deberes fundamentais, os símbolos e institucións básicas do Estado e un primeiro achegamento moi básico á organización territorial.

1. Coñecer a realidade social e política e tomar consciencia do noso papel na sociedade.
2. Interiorizar a importancia de dereitos, leis e normas.
3. Fomentar a tolerancia, o respecto e a igualdade de oportunidades.
4. Inculcar a diversidade como valor que nos fai persoas únicas e contribuír a que se aprecie como parte enriquecedora da sociedade.
5. Coñecer vocabulario específico e fomentar a linguaxe inclusiva como motor do cambio social.
6. Educar para a paz e o respecto aos dereitos humanos.
7. Transmitir valores básicos como son a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a inclusión de persoas con capacidades diferentes, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común.

METODOLOXÍA DE TRABALLO

O Caderno de Traballo propón unha serie de temas para traballar con carácter orientativo e sempre baixo a supervisión dun docente ou persoa orientadora, que desenvolverá o traballo segundo as necesidades/características propias de cada aula ou grupo. A metodoloxía: escoita activa, lectura comprensiva de textos, reflexión individual, traballo en grupo, expresión escrita e oral fundamentada nas propias ideas e expresión artística.

O Caderno divídese en catro temas:

1. A CONSTITUCIÓN, MOITO MÁIS CA UN LIBRO
2. SOMOS UNHA MONARQUÍA PARLAMENTARIA
3. NACIONALIDADES HISTÓRICAS
4. DEREITOS E DEBERES DE TODA A CIDADANÍA

Cada un destes temas subdivídese en dúas partes:

- **INFORMACIÓN:** unha introdución que presenta a temática que se vai tratar cunha información básica sobre a mesma.
- **ACTIVIDADES:** a parte destinada ao traballo do alumnado en relación á temática, que inclúe dous niveis de dificultade: iniciación e avanzado.

Cada tema será introducido na clase co fin de que o educador ou educadora estableza o itinerario que se vai seguir en función do perfil do grupo e marque as actividades que se van realizar e o desenvolvemento de cada unha delas (na aula ou na casa, individual ou en grupo...). As actividades son unha proposta que o profesorado deberá adaptar ás capacidades/idades do alumnado elixindo a execución parcial ou completa en función de cada alumno ou grupo.

MATERIAIS DE APOIO

CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA: o texto da Constitución en galego para ler ou descargar (pdf/word) http://www.congreso.es/constitucion/ficheros/c78/cons_gall.pdf

CADERNO DE ACTIVIDADES



I. A CONSTITUCIÓN, MOITO MÁIS CA UN LIBRO




UNHA LEI FUNDAMENTAL

A Constitución española é un libro, pero é moito máis ca iso, porque o que está escrito nese libro **é a lei máis importante do noso país,** a que recolle as normas esenciais que debemos seguir todas as persoas. Por iso cando abrimos ese libro vemos que os textos están ordenados por artigos, onde se especifican esas normas.

O que se trata na Constitución —tamén chamada Carta Magna— é tan importante para a vida das persoas, que se considera unha lei fundamental:

- É unha lei porque ten que aprobala o Parlamento, que é o conxunto de persoas que eliximos todos os cidadáns e cidadás para que nos representen cando votamos nunhas eleccións.
- É fundamental porque fai referencia a cousas que teñen unha grande importancia para a liberdade e a seguridade das persoas.



Esta lei é tan importante, que tras ser aprobada polas Cortes (polos cargos políticos que elixe o pobo nas eleccións) foi despois **ratificada polo pobo español en referendo**. Isto significa que toda a cidadanía puido votar por esa Constitución acudindo ás urnas. Ocorreu o **6 de decembro do ano 1978**. Por iso todos os anos o 6 de decembro é un día festivo: celebramos o aniversario da actual Constitución española.

CONTIDOS

Os contidos principais que desenvolve a Constitución de 1978 son tres:


- **A FORMA DE GOBERNO:**
Establece que España é unha monarquía parlamentaria.
- **A ORGANIZACIÓN TERRITORIAL:**
En comunidades autónomas.
- **OS DEREITOS E OS DEBERES DE TODAS E TODOS OS CIDADÁNS.**



ESTRUTURA

A Constitución divídese en varias partes segundo os temas que trata, esas partes chámanse títulos e na actual Constitución hai **11 títulos**: un preliminar e dez numerados con números romanos. Dentro de cada título hai varios capítulos que marcan os distintos temas que se tratan e cada norma vai nun artigo. En total a Constitución ten **169 artigos**.

Tan importante é a Constitución de 1978 que todas e todos os españois teñen a obriga de coñecela e respectala. E iso é o que estamos a facer!




PERO... É A PRIMEIRA CONSTITUCIÓN QUE TEMOS?

Non, a primeira foi "A Pepa". A nosa primeira constitución aprobouse en Cádiz o 19 de marzo de 1812. Ese día celébrase a festividade de San Xosé. Aos Xosé tamén se lles chama Pepe, de aí que se coñeza como "Pepa" a esa primeira constitución. Despois dela houbo varias máis. A gran diferenza entre esta última e as anteriores é que a Constitución de 1978 foi a primeira da nosa historia aprobada primeiro polas Cortes e despois pola inmensa maioría dos cidadáns.



- 1 Colorea a portada desta Constitución española e completa, debaixo do nome, o ano da súa aprobación:



- 2 Os títulos da Constitución utilizan números romanos, un sistema de numeración que usa sete letras maicúsculas. Escribe esas letras ao lado do seu número:

1

5

10

50

100

500

1000

ACTIVIDADES AVANZADAS

1 Completa os datos que faltan:

A actual Constitución española foi aprobada o 6
de do ano ,
Polo tanto este ano cumpre anos.

2 Le a frase e contesta as preguntas:



A primeira constitución española aprobouse en Cádiz o 19 de marzo de 1812. Foi a primeira constitución que estableceu conceptos moi importantes que hoxe mantemos, como a soberanía popular, a división de poderes, a liberdade de expresión e a liberdade de imprenta.

En que século se aprobou a primeira Constitución española?

En que comunidade autónoma do Estado se aprobou?

Como se coñece popularmente?

2. SOMOS UNHA MONARQUÍA PARLAMENTARIA



O artigo 1 da Constitución establece que España é un Estado democrático de dereito, que a soberanía nacional reside no pobo e que a forma política é a monarquía parlamentaria. Isto quere dicir que temos un rei que é o xefe do Estado e das forzas armadas, pero non ten poder, non goberna nin toma decisións no día a día. Isto faíno o Parlamento cuxos membros (deputados e senadores) eliximos entre todos.

**Por iso dicimos que:
O REI REINA, PERO NON
GOBERNA.**

O Título II da Constitución fala da Coroa:

Di que o rei é o xefe do Estado e das forzas armadas, e o símbolo da unidade do Estado. Establece a sucesión da Coroa por herdanza e marca as funcións do rei, dos consortes e do príncipe ou princesa de Asturias.

O Título III da Constitución fala das Cortes Xerais:

explica que son os órganos que representan o pobo español, fan as leis (potestade lexislativa), aproban os presupostos e controlan a acción do goberno.

AS CORTES = O CONGRESO

É a cámara na que están os deputados e deputadas que eliximos cada catro anos nas urnas por sufraxio universal, libre, igualitario, directo e secreto.

+ O SENADO

É un órgano de representación territorial, para que as comunidades autónomas teñan voz en Madrid.

Ao longo deste título a Constitución establece o funcionamento e funcións básicas de cada cámara e mesmo o proceso de elaboración das leis e doutros tratados.

O GOBERNO

Os deputados e deputadas do Congreso son os que elixen, por maioría, o presidente do goberno e este propón ao resto de persoas que o acompañarán (os ministros e ministras). Todo o relativo ao goberno explícase ao longo do Título IV da Constitución, mentres que o Título V establece as relacións entre o goberno e as Cortes e o Título VI fala do poder xudicial (a xustiza).

Como vedes, a Constitución non só establece a forma de Estado, senón o funcionamento das súas principais institucións, de aí a importancia desta lei.



- 1** Colorea os debuxos e escribe debaixo a quen representan:



.....



.....

- 2** Busca en revistas ou xornais vellos as fotos do actual rei e do presidente do goberno. Pégaas aquí e escribe debaixo os seus nomes:

ACTIVIDADES AVANZADAS

- 1 Analízade na clase os artigos 1, 62 e 66 da Constitución, que tratan das funcións do rei e das Cortes Xerais. Despois une con liñas cada función ou característica á institución que lle corresponde:



Elíxese nas urnas

Fai as leis

É o xefe do Estado

Controla a acción do goberno

Xefe das forzas armadas

Representa a España nas relacións internacionais

- 2 Separa as sílabas das seguintes palabras:

CONSTITUCIÓN
CONS - TI - TU - CIÓN

SOBERANÍA

SENADOR

LEI

CONGRESO

ELECCIÓN

- 3 Contesta as seguintes cuestións:

Por que somos un Estado democrático?

Quen é actualmente o rei?

Quen é a seguinte persoa na liña sucesoria?

Como se chaman as dúas cámaras que forman as Cortes Xerais?

Quen elixe os membros das Cortes?

Quen elixe ao presidente do goberno?

3. NACIONALIDADES HISTÓRICAS



Se o artigo 1 da Constitución establece a forma política do Estado, o 2 marca a organización do territorio. A nosa Carta Magna indica que a “Nación española” é a “patria común e indivisible de todos os españois”, pero reconece “o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran.

Na actualidade, o territorio español está organizado en 17 comunidades autónomas (**Andalucía, Aragón, Asturias, Cantabria, Castela A Mancha, Castela e León, Cataluña, Euskadi, Extremadura, Galicia, Illas Baleares, Illas Canarias, Madrid, Murcia, Navarra, A Rioxa e Comunidade Valenciana**) e 2 cidades autónomas (**Ceuta e Melilla**).

A importancia das comunidades autónomas na organización territorial queda patente nos dous seguintes artigos. O artigo 3 establece que o castelán é a lingua oficial do Estado e que as outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades de acordo cos seus estatutos. O Estatuto de autonomía de Galicia aprobado en 1981 recoñece o galego como lingua propia de Galicia e cooficial da comunidade.

Ademais, no artigo 4 da Constitución, onde se fala da bandeira do Estado, indícase que as comunidades autónomas poderán ter as súas bandeiras e outros emblemas propios.


DESTE XEITO, TANTO
O ESTADO COMO A
COMUNIDADE AUTÓNOMA
DE GALICIA CONTAN COS
SEUS SÍMBOLOS PROPIOS:

A BANDEIRA,
O ESCUDO
E O HIMNO.



A organización territorial do Estado trátase no Título VIII da Constitución, onde se atopa o artigo 139, de grande importancia porque di así: “Todos os españois teñen os mesmos dereitos e obrigas en calquera parte do territorio do Estado”.

- 1 Debuxa as bandeiras de España e de Galicia:



- 2 Colorea os escudos de España e de Galicia e escribe debaixo cal é cada un:



1 Completa o texto que falta do artigo 137 da Constitución española:

O Estado organízase
..... en municipios,
en provincias e nas
..... autónomas
que se constitúan.

2 Une o inicio de cada frase co seu final para reconstruír as ideas que reflicte a Constitución:

A capital do Estado

A riqueza das distintas
modalidades lingüísticas de
España

Todos os españois teñen os
mesmos dereitos

A bandeira de España está
formada por

Os concelleiros serán elixidos
polos veciños

do municipio mediante
sufraxio universal

tres franxas horizontais,
vermella, marela e vermella

e obrigas en calquera
parte do territorio

é un patrimonio
cultural que será
obxecto de especial
respecto e protección

é a vila de Madrid

3

Escribe no mapa os nomes das comunidades autónomas



ANDALUCÍA

ARAGÓN

ASTURIAS

CANTABRIA

CASTELA A MANCHA

CASTELA E LEÓN

CATALUÑA

EUSKADI

ESTREMADURA

GALICIA

ILLAS BALEARES

ILLAS CANARIAS

MADRID

MURCIA

NAVARRA

A RIOXA

COMUNIDADE VALENCIANA

4. DEREITOS E DEBERES

O Título I da Constitución de 1978 fala dos dereitos e deberes fundamentais:

Sabes que é un dereito e que é un deber?

DEREITOS: un dereito é algo que podemos facer con liberdade e ninguén pode impedirnos que o fagamos.

Artigo 14

Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

A Constitución dedica máis de 40 artigos a definir os dereitos e liberdades das persoas, entre eles o dereito á vida: prohibe os malos tratos, a tortura e a pena de morte. Tamén recoñece o dereito a sermos libres, a vivir seguros, á educación, á sanidade, a expresar as nosas ideas políticas ou practicar a nosa relixión, a vivir onde queiramos ou á intimidade: ninguén pode ver as nosas cartas ou correos electrónicos ou escoitar o que falamos por teléfono.

A Constitución tamén establece que podemos votar ao cumprir os 18 anos, que é cando temos a maioría de idade, e que temos o dereito a presentarnos ás eleccións.

O Estado debe protexer o medio natural e velar polo patrimonio histórico, artístico e cultural, ademais de promover o deporte, a ciencia e a investigación. Tamén debe protexer os consumidores e as familias. E mesmo as nenas e nenos! Cando os pais ou nais non coidan os fillos ou fillas adecuadamente, o Estado debe protexelos.

DEBERES: son as cousas que estamos obrigados a facer para manter unha boa convivencia.

Na Constitución non só se recoñecen os nosos dereitos, senón tamén os deberes que temos cos outros cidadáns e cidadás e tamén co Estado. Por exemplo, temos o dereito á educación, pero temos o deber de estudar e de pagar impostos para manter os gastos que supón a educación pública. Temos o deber de traballar e o dereito ao traballo, temos o dereito a gozar dun ambiente adecuado e o deber de conservalo etc.

ACTIVIDADES INICIACIÓN

- 1 A Constitución recolle o dereito á educación e á liberdade de ensino. Debuxa a túa mestra ou mestre e pregúntalle en que consiste isto.

- 2 Une cunha frecha os deberes que recolle a Constitución:

TRABALLAR

VER A TELE

IR DE VACACIÓNS

DEFENDER ESPAÑA

PAGAR IMPOSTOS

FACER OS DEBERES



ACTIVIDADES AVANZADAS

1 Completa o texto que falta do artigo 14 da Constitución española:

Os españois son ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento,,,, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

2 A Constitución establece uns dereitos e liberdades persoais (relativos á vida privada), uns dereitos económico-sociais (que garanten unhas condicións mínimas de calidade de vida) e uns dereitos colectivos (os que defenden dereitos de grupos e accións colectivas). Une cada un destes dereitos co seu grupo.

Dereito a unha vivenda digna

Dereito á intimidade

Dereito á manifestación e á folga

Dereito á liberdade relixiosa

Dereito á educación obrigatoria gratuíta

Dereito a un traballo e salario xusto

Dereito de reunión

Persoais

Económico-sociais

Colectivos de participación


3 Escribe un antónimo destas palabras (unha palabra que signifique o contrario):

LIBRE →

PROTECCIÓN →

DISCRIMINAR →

INDIVIDUAL →



XUNTA
DE GALICIA

c40